

A PATRIMONIALIZACIÓN E A MUSEALIZACIÓN DOS BENS ETNOGRÁFICOS EN GALICIA. PASADO, PRESENTE E PORVIR

PATRIMONIALIZATION AND MUSEALIZATION OF GALICIAN ETHNOGRAPHIC GOODS.
PAST, PRESENT AND FUTURE

Xosé Carlos Sierra Rodríguez
Museo do Pobo Galego

Resumo: Comeza o artigo percorrendo sumariamente os ensaios musealizadores do século XIX, vinculados ao nacemento en Galicia do folclore e da etnografía. Seguidamente transitamos polo itinerario musealizador do século XX e diferenciamos tres etapas: o primeiro terzo do século, o franquismo e, finalmente, a inflación museística do período democrático. Esta última etapa caracterízase pola multiplicación de museos locais e municipais. Boa parte destes museos carecen de criterios museolóxicos e non desenvolven a reflexión necesaria sobre o patrimonio cultural que lles afecta.

Abstract: This paper proposes an initial overview of the different musealization attempts that bind together the birth of ethnography and folklore in nineteenth century Galicia. Subsequently, we propose an analysis of the twentieth century musealization itineraries, distinguishing three different phases: the first third of the century, the years of Franco's dictatorship, and, finally, the museum inflation of the democratic years. This last stage is characterised by the multiplication of local museums, which tend to lack museological criteria and fail to propose a proper reflection upon the cultural heritage that affects them.

Palabras chave: folclore, etnografía, patrimonialización, musealización, exposición, identidade, mirada etnográfica, sistema arte-cultura.

Key words: Folklore, ethnography, heritagization, musealization, exhibition, identity, ethnographic view, art-culture system.

PERTINENCIA E ENCADRAMENTO DESTE RELATORIO

Non foi escrita aínda unha historia completa e detallada da institución museal en Galicia¹, pero si dispoñemos de numerosas achegas que nos permiten situar no tempo e no espazo o museo e o coleccionismo galegos. Tal historia precisa dun encadramento que contextualice o fenómeno no marco social, político e cultural, que outorgue pertinencia a cada museo e entenda procesualmente o dispositivo da musealización. Ao tempo, cómpre trazar as liñas dos diferentes procesos e relacionar a musealización coas figuras e entidades implicadas e interesadas na incorporación da figura museal á sociedade galega de cada momento. Cómpre igualmente establecer criticamente o encaixe de cada museo dentro dos campos disciplinares academicamente establecidos e examinar se os clixés que deles se derivan dan acomodo doado ás tipoloxías museísticas utilizadas entre nós.

Falar desta cuestión tendo a personalidade de Antonio Fraguas Fraguas como referente supón remitir a acción musealizadora e certas creacións museísticas á experiencia vital deste etnógrafo-folclorista, xeógrafo e historiador. Fraguas encaixa estritamente no século XX e a súa traxectoria é a de Galicia durante o pasado século. Nace en 1905 e falece en 1999, período secular tras o cal transcorre a experiencia musealizadora en Galicia e a asunción do patrimonio cultural como expresión moralizada na linguaxe académica, xurídica e mediática. Fraguas coñece a Pontevedra da Sociedad Arqueológica, a Compostela do Seminario de Estudos Galegos e, logo dunha década en Lugo, volve a Santiago en 1959 para residir na capital os últimos trinta anos da súa vida. Esta última fase liga a súa biografía ao Instituto Padre Sarmiento (IPSEG-CSIC), ao Museo Municipal de Santiago e, finalmente, ao Museo do Pobo Galego. Aínda que Fraguas coñeceu abondo as interioridades dos museos cos que tivo vínculos estreitos, ostentando en varios casos responsabilidades técnicas e xestoras, non desempeñou unha actividade profesional propiamente museolóxica, parella á desempeñada como docente. Na súa formación como investigador e na utilización do museo como lugar de coñecemento, Fraguas si percorreu os camiños da experiencia museística e foi cómplice necesario para a existencia, o desenvolvemento e o éxito de varias entidades de extraordinaria importancia para Galicia.

Nos tempos do bacharelato en Pontevedra (1920-1924), Fraguas participa dun ambiente cultural no que prevalece unha institución, a Sociedad Arqueológica, por aqueles anos xa nun proceso de devalo e presidida aínda polo seu promotor, D. Casto Sampedro y Folgar. Sampedro mantiña relacións con outras figuras relevantes na cidade do Lérez e, entre elas, o mestre Antón Losada Diéguez, organizador

1 Nós mesmos traballamos na elaboración dunha historia do museo etiquetado como etnográfico en Galicia.

no seu domicilio dunhas reunións académicas chamadas “Xuntanzas de Estudos”, ás que tiñan acceso estudantes significados do ensino secundario da cidade. Fraguas, posible asistente ás ditas xuntanzas, crea en 1922 con outros compañeiros –Sebastián González García-Paz será un deles– a “Sociedade da Lingua”, iniciativa inspirada polo maxisterio dos mestres que atopa no Instituto de Pontevedra, sinaladamente Losada e Castelao.

Como estudante universitario e xa licenciado en 1928, Fraguas, ligado ao Seminario de Estudos Galegos (SEG) desde 1927-1928, realizou tarefas decisivas e continuadas nesta institución, asumindo funcións de bibliotecario e de atención aos fondos documentais e bibliográficos, ligadas necesariamente as ditas tarefas ás esixidas pola creación do Museo Arqueolóxico-Etnográfico (Mato 2001: 105-107). Fraguas fíxose cargo e aceptou, por compromiso cultural, non por intereses profesionais, a dirección do Museo do Pobo Galego (1976) e a Presidencia do seu Padroado (1989) e, con anterioridade, a dirección do Museo Municipal de Compostela (1973), e alentou e promoveu sempre o traballo museal como compromiso, máxime cando as iniciativas estaban mediatizadas polo patrimonio cultural de interese etnográfico. Anos antes (1960) foi nomeado vogal da sección de Etnoloxía do Museo Municipal e, en Pontevedra (1963), participou, a raíz do pasamento de Risco, na iniciativa de creación dun “Seminario de Estudos Etnográficos Vicente Risco”, que non logrou os apoios institucionais necesarios da Deputación provincial de Pontevedra².

Entre a súa numerosa produción investigadora nos campos da historia, da etnografía-folclore e da xeografía, resulta anecdótico atopar algún traballo sobre museos e son inexistentes os traballos sobre museoloxía. En 1960, de volta xa en Compostela procedente de Lugo, publica en *Vida Gallega* un artigo sobre a pintura nos museos e coleccións de Galicia, centrado soamente nos artistas, nas pinacotecas máis relevantes –de maneira destacada o Museo de Belas Artes da Coruña– e nalgúns coleccións privadas. Un achegamento a cuestións alleas ao problema museolóxico e, tamén, á perspectiva etnolóxica observable en varias das obras que examina.

PATRIMONIALIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN. CONCEPTOS INESTABLES

As manobras e dispositivos que configuran a noción de patrimonialización obedecen a procesos e circunstancias moi variados. Hai acordo na literatura escrita

2 Para un coñecemento detallado da vida e obra de Fraguas resulta obrigada a consulta de González Pérez (2006) e García Martínez (2006).

a respecto desta noción: a patrimonialización ou a activación patrimonial, expresión equivalente, resulta dun proceso de selección que desemboca na concesión dun estatuto a un ben –lugar, obxecto, manifestación, idea ou crenza– que, en virtude da atribución deste estatuto, asume un novo significado adxectivoado como “cultural” (Martinet 1987: 32-33). Tal atribución obxectívase mediante un repertorio de recoñecementos, xurídica, política, social e mediaticamente sancionados.

Esta invención da modernidade denominada *ben cultural* vai conquistando unha posición hexemónica na sociedade, a través dun proceso demorado no decurso do triunfo e da instalación do Estado liberal e burgués nos séculos XIX e XX. Os patrimonios, así denominados por canto o ben cultural estatutariamente recoñecido se asume como unha herdanza que pasa dunha xeración a outra, segméntanse en tantas variedades como áreas de coñecemento, ou disciplinas científicas, vai sancionando a modernidade.

As artes ocupan unha posición dominante no escenario de reparto de patrimonios, porque son elas as que representan o binomio poder-beleza e as que logran, desde o Clasicismo e, antes aínda, no Renacemento, achegar un valor engadido (material e económico) a uns bens fortemente cobizados e accesibles só para os que ocupan o cumio da pirámide social.

Logo mestúrase o mundo das antigüidades, que son obxecto de interese pola tradición ilustrada e de mitificación no romanticismo. O culto á antigüidade encamiña a converxencia entre o patrimonio artístico e o arqueolóxico, que comparthen un recoñecemento académico e reciben os loureiros das esferas do saber. Este proceso, enormemente complexo e que non imos esmiuzar neste relatorio, explica boa parte das actitudes institucional e socialmente interiorizadas a respecto do valor de antigüidade conferido aos patrimonios culturais. Consecuentemente, cando os fragmentos da cultura popular ingresan nos salóns da patrimonialización e compiten na demanda dun estatuto cultural é o valor de antigüidade, de pasado, o que exhiben como mérito para intervir no reparto de patrimonios, lexítimos aspirantes, por tanto, á condición de bens culturais.

Aínda que a denominada cultura popular ten recoñecementos anteriores, é no romanticismo onde xorde con afouteza o interese e a curiosidade polos trazos e valores dos sectores sociais subalternos, depositarios das características máis xenuínas do pobo, localizado en Europa no medio rural e representado polas comunidades campesiñas. O folclore (*folk-lore*) como obxecto e os estudos folclóricos como mirada conforman a base dun coñecemento etnolóxico e dos marcos de relación e comparación necesarios ás etnografías descritivas.

Neste escenario, o museo abrolla como espazo para situar os restos do patrimonio susceptibles de provisión e tesaurización, e como lugar de exhibición dos bens culturais dos que a sociedade, a través dos seus intermediarios institucionais e dos

seus representantes, se apropia. O museo constrúe a noción laica –e non sempre laica– de relicario, receptáculo de esencias que nos identifican co pasado e, por conseguinte, lugar de olladas cruzadas que configuran os marcadores identitarios. O pasado establece a distancia obrigada para que todos poidamos achegarnos aos bens culturais e facelos, simbolicamente, nosos. O “pasadismo” traza, aínda hoxe, o linde entre patrimonio cultural e presente e, significativamente, son as artes – pintura, escultura, arquitectura e, en menor medida, a música– as que foron quen de rachar esa fronteira, estendendo a noción de patrimonio cultural e de ben cultural musealizable ás creacións saídas dos obradoiros e estudos dos seus practicantes. Patrimonio subalterno, museo subalterno, discurso subalterno, os bens culturais etnográficos e os museos montados para acoller a cultura folclórica –dito no sentido etimoloxicamente estrito– evolucionan condicionados pola síndrome de antigüidade que os afectou e aínda os afecta.

O museo etnográfico, reificado na cousificación do seu patrimonio e atrapado nas contradicións da súa orixe e do devir que neutralizou a emancipación conceptual da musealización antropolóxica, resulta hoxe unha institución fondamente desorientada.

UN PERCORRIDO SUMARIO POLOS PRECEDENTES ETNOLÓXICOS E ETNOMUSEOLÓXICOS

Aínda que, segundo apuntamos xa no primeiro parágrafo, está pendente unha historia dos museos e dos procesos de musealización en Galicia, contamos con numerosos achegamentos parciais e parcelarios que nos proporcionan unha visión desta cuestión bastante doada e aproveitable. Recentemente, as orixes decimonónicas dos museos galegos, o enlace entre o museo-institución, tal como o concibimos hoxe, e certas accións, iniciativas e acontecementos socioculturais encadrados en estruturas complexas, permiten comprender mellor a evolución desta figura cultural.

Dúas son as institucións decimonónicas que están na orixe dos museos en Galicia. Unha, as Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos, pouco operativas respecto do logro de musealizaciones efectivas, agás a de Ourense (Fariña, 2013), promotora do denominado Museo de Pinturas, aberto formalmente entre 1845 e 1852. A historia deste museo e dos fondos a el adscritos, así como os camiños accidentados e converxentes percorridos polo Museo de Pinturas e o Museo Provincial, decano hoxe dos Museos de Galicia, foron detalladamente estudados (Barriocanal/Fariña 1989). No que atinxe aos campos temáticos incluídos no Museo Provincial de Ourense (hoxe Museo Arqueolóxico Provincial), que comeza nova andaina baixo a titularidade do Estado en 1938

(Fariña 2013: 255ss.), os fondos acollidos a esta institución e os que ingresan nesa nova andaina definen o Museo de xeito análogo a boa parte dos museos provinciais do Estado, determinando as seccións que o constitúen. A arqueoloxía e a arte dominan o escenario da centenaria institución e a etnografía medra polo traballo de campo dos seus colaboradores, encadrados os máis relevantes –Cuevillas, Risco, Xaquín Lorenzo...– no Grupo de Colaboradores do Museo “Marcelo Macías”, creado por Orde ministerial en decembro de 1941 e ostentando a dirección daquela Xesús Ferro Couselo.

A outra institución, as Sociedades Económicas de Amigos del País, entidades nadas ao abeiro do espírito ilustrado nos momentos finiseculares do XVIII, que desenvolven unha intensa actividade no campo social, económico e educativo. A implicación destas entidades na promoción de museos en Galicia lévanos a tempos tan recuados como 1868, data en que na sede da Real Sociedad Económica de Santiago (RSEAPS) se debate unha proposta, coa participación de Murguía, dirixida a crear unha entidade para fomentar os estudos histórico-arqueolóxicos e de belas artes en Galicia, acción conxugada coa formación dunha colección de bens histórico-artísticos destinados a fundar un Museo Arqueolóxico de Galicia (Requejo 2001: 276-277). A idea non realizada retómase novamente en 1882, con meirande definición e falando dunha sección arqueolóxica e doutra de belas artes. En documento conservado e reproducido por Belén Requejo (2001: 281-282) destaca a precisión descritiva das seccións arqueolóxica e de arte, con criterios claros de periodización dos fondos previstos para aquel Museo³. A biografía desta iniciativa pasa por revisións e novas fórmulas en 1885 e 1915⁴, unha para promover actividades expositivas puntuais –o que constitúe un exemplo de modernidade museística– e a outra para constituír ao abeiro do Museo unha sección de estudos histórico-arqueolóxicos que, segundo explicita a Memoria correspondente da RSEAPS, ten como tarefa habilitar os medios para un *museo central gallego* (Requejo 2001: 286-7). Anteriormente, Requejo (2001: 284) e Fariña (2017: 10-11) dan conta dunha nova idea de formar un “Museo Arqueolóxico central gallego”, que, redactado o proxecto por José Villa-Amil y Castro en 1886, busca a implicación do Goberno central, con Montero Ríos como ministro de Fomento (Villa-Amil 1887). O interese e a novidade residía na unificación de coleccións, particularmente a do Museo da Sociedade Económica de Santiago e a capitular da catedral compostelá. Tal proxecto ficou nas gabetas das entidades e administracións implicadas.

3 Destaca a precisión dos campos de identificación administrativa no inventario das pezas, descritas técnica e tematicamente no tomo II de *Galicia Diplomática* por Bernardo Barreiro (Requejo 2001: 282).

4 O museo, ideado en 1882, ábrese en 1884, coincidindo co centenario da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago (Requejo 2001: 283).

Francisco Fariña (2017:10) sinala a coincidencia da efeméride coa efervescencia rexionalista e co Rexurdimento e coida significativos os contidos do Programa do Museo da Sociedade Económica, que apuntan cara á homologación museolóxica con Europa (2017: 10). Tamén sinala Fariña a coincidencia coa difusión das teorías darwinianas na universidade, sinaladas por Alonso del Real, e coa andaina comezada pola sociedade El Folk-lore Gallego, que abre camiños inéditos orientados a considerar a cultura popular como un novo campo de documentación e interese, alleo ás preocupacións intelectuais das iniciativas patrimoniais e musealizadoras ditas.

A constitución da sociedade El Folk-lore Gallego ten unha incidencia dificilmente cuestionable para a historia dos museos e, fundamentalmente, para a sensibilidade musealizadora en Galicia. Novos actores, novas imaxes, novos obxectos entran no escenario da patrimonialización e no efecto desta, a musealización. Pero a aparición de novos axentes e de novas axencias non supón a desaparición dos protagonistas dos ensaios musealizadores do século XIX. En boa medida refórzanse certos imaxinarios, que converxen agora cos actores creados para reformular obxectos patrimoniais inéditos e para encamiñalos por itinerarios de musealizacións máis complexas e multidisciplinares. As axencias vellas son as sinaladas, nomeadamente as Sociedades Económicas e, moi particularmente, a de Santiago. Moita menor presenza teñen as Comisións Provinciais de Monumentos, incluída a de meirande actividade, a de Ourense, ocupada estes anos en xestionar os patrimonios “clásicos”, herdados do século XIX.

Outras entidades asoman para establecer o enlace entre os intereses intelectuais e patrimoniais herdados e as inquiredanzas, curiosidades e elementos que se erguen, nos tempos finiseculares do XIX e nos comezos do século XX, como neófitos patrimoniais, definidos como entidades culturais e, por tanto, acredores do estatuto de ben cultural, logo das mensaxes e das ideas trasladadas polo novo saber popular e polos voceiros dunha nova área de coñecemento que vai abrindo sucros na segunda metade do século XIX. O folclore e a etnoloxía chegan para dialogar coa historia e coas distintas manifestacións do saber humanístico e, certamente, para ofrecer un predicado engadido a unha historia carente dun marco transitivo satisfactorio. O pobo non está representado soamente pola burguesía, pois tamén as camadas populares producen cultura, xeran saber e crean utensilios, prácticas sociais e universos simbólicos representativos das distintas sociedades distribuídas polo soar europeo. Pero non é intención deste relatorio afondar neste asunto, pertinente e ata necesario, pero obxecto doutras achegas.

O que resulta observable é que o coñecemento folclórico e os folcloristas, que podemos identificar cos antropólogos da *Volkskunde* centroeuropea, institúen un novo obxecto de interese, que se traduce intelectualmente e que se

mostra patrimonialmente. A retórica comunicadora insiste en dúas ideas chave. Unha, que a base social, identificada polos postulados tardorrománticos coa sociedade campesiña, posúe o tesouro da continuidade dos trazos culturais propios, xenuíños e incontaminados de cada territorio: lingua, capital simbólico e repertorio material e tecnolóxico manteñen no espazo rural un conxunto de imaxes transformadas ou parcialmente alteradas nos espazos urbanos e entre os sectores sociais emancipados dos marcos de produción e reprodución labrega. Outra, que os aspectos observados e identificados neste segmento maioritario da poboación constitúen o reflexo do substrato cultural historicamente conservado entre a xente secularmente asentada nos ecosistemas agrarios, ata hoxe inalterados.

Os cambios que se experimentan no tránsito do século XIX ao XX, caracterizados pola urbanización, pola industrialización e pola apertura e a extensión das novas comunicacións, rachan o illamento das comunidades rurais e modifican o que permaneceu demoradamente “intacto”. A resposta ante isto é manifesta: cómpre recoller o que pode esmorecer e asignar un estatuto cultural á singularidade das comunidades que mantiveron pechado o relicario da tradición.

Esta mensaxe, contida na lección inaugural de dona Emilia Pardo Bazán⁵ e no programa da sociedade El Folk-lore Gallego, promovida en 1883 e constituída formalmente en 1884, chega con forza aos sectores intelectuais da sociedade galega, sensibilizados xa coas correntes que en Europa e no conxunto da península ibérica difundían o interese pola cultura popular e traballaban por sistematizar a recolleita dos marcadores culturais que a facían visible. Fraguas prestoulle atención á figura da Pardo Bazán como inspiradora dos estudos folclóricos e como escritora que transmitía nos seus relatos potentes imaxes da sociedade rural e dos grupos sociais que a integraban. Salienta Fraguas a preocupación documental que se agochaba tras as chamadas da presidenta de El Folk-lore Gallego, e referendaba a recomendación da condesa, que dicía que o mellor folclorista “será el que menos ponga de su cosecha en los datos que recoge, el que respete las incorrecciones del lenguaje, las sencillas e ingenuas preocupaciones del vulgo y conserve más entero y desnudo el pensamiento popular”.

Antes de 1880, a cultura popular vista coa mirada dos folcloristas daquel momento recibe a atención de Milà i Fontanals en Cataluña e de Murguía en Galicia, interesados fundamentalmente na literatura popular e determinante este último na identificación do horizonte paleoetnográfico que marcará a concepción histórico-arqueolóxica dos etnógrafos e folcloristas da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Desenvólvese así un discurso identitario,

5 O discurso inaugural da condesa foi publicado na *Biblioteca de las Tradiciones Populares* de Sevilla (1984), dirixida por Machado y Álvarez (Fraguas 1975).

politicamente articulado nas Irmandades da Fala (Beramendi 2007: 431ss) e culturalmente investido na articulación arqueoloxía-historia-folclore. González Reboredo sinalou repetidamente o enlace establecido entre os seguidores da liña marcada por Machado y Álvarez, o programa suxerido por El Folk-lore Gallego e as persoas e equipos que desembocan trinta anos despois no SEG⁶. A conexión entre Murguía e as figuras centrais de Nós radica na necesidade de interpretar a cultura popular, a cultura campesiña, como un factor de cohesión que, baseado na crenza da permanencia de trazos e características no decurso dunha historia prolongada, enuncia a idea dunha singularidade plurisecular (González Reboredo 1994: 26-27) que permite obxectivar unha identidade cultural definida.

Coida Reboredo (1994: 27) que a noción de substrato manifesta en Murguía constitúe un principio aceptado polos que parten da obra do patriarca⁷. Para a meirande parte dos autores que nos ocupan non é cuestionable a remisión ao pasado de moitas expresións do comportamento simbólico (crenzas e rituais) conservadas na esfera rural. Baixo o humus da estratigrafía histórico-arqueolóxica abrolla a estratigrafía moral que acumula crenzas e saberes populares, descritos e organizados en densos repertorios polos folcloristas. Isto mudaba a hipótese en fe, en idea sobrevida e concibida como crenza, parafraseando a Ortega. Buscábase a permanencia e prestábaselle menor atención ao cambio, porque o que permanecía fortalecía a convicción na continuidade das formas do pasado no presente. E as permanencias constituían imaxes hipotecadas polo principio identitario que se erguía como elemento hexemónico: a singularidade plurisecular como produto da permanencia e o horizonte etnohistórico como factor que determina tal permanencia.

Sinala Margarita Barral (2010: 131) que a febre das Exposicións internacionais chegou mesmamente a Galicia na segunda metade do século XIX, relatando a difusión destes eventos feita desde a *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, que promovía a participación dos axentes económicos locais nestes certames, animando a promoción dos produtos galegos. Priorizábase na publicidade a cuestión agrogandeira, perfectamente explicable no marco económico e social de Galicia. A publicación *Galicia*, dirixida por Martínez Salazar, prestáballe desde o seu comezo (1887) particular atención aos temas científicos, artísticos, literarios e folclóricos e a distintos certames expositivos; e a mestura de temas agropecuarios e de artes e oficios era relativamente habitual nestes eventos. Barral (2010: 133) establece a secuencia de exposicións rexionais, desde a celebrada en Santiago ata a montada tamén en Compostela en 1909, pasando por

6 As cuestións relativas ao desenvolvemento en Galicia das disciplinas folclórica e etnográfica foron tratadas por González Reboredo en numerosos traballos (destacadamente 1994, 1997, 2017) e por outros autores, sinaladamente Rodríguez Campos (1991, 2019).

7 Acode Reboredo (1994: 27) neste caso ao texto de Murguía (1982: I, 160).

unha en Lugo (1879), outra en Pontevedra (1880) e, finalmente, outra na Coruña (1889). O protagonismo correspóndelle en todas elas ao mundo agrícola e gandeiro, pero na de 1909 entra en escena a produción industrial. Barral (2010: 189) sinala que, ante o espertar da industria en Galicia, naqueles anos, a mostra de 1909 dá entrada a expositores de Cataluña e doutras partes do Estado, así como a terceiros chegados do estranxeiro.

Coincidimos con Fariña (2017) na relevancia outorgada ás exposicións do XIX como espazos de ensaio expositivo e motores de movementos de renovación e afirmación social, independentemente do ámbito territorial do evento. Á parte da promoción das melloras técnicas para a agricultura e de serviren de taboleiro para os produtos agrogandeiros, constitúen lugares de afirmación rexional con manifesta connotación identitaria, derivada da promoción comercial do país e, conseguintemente, dos marcadores territoriais e dos imaxinarios topográficos asociados necesariamente ás prácticas mercantís. Por tanto, estas exposicións posúen en si mesmas un compoñente museográfico e abren camiños para os museos no eido comunicativo. Isto, segundo se ten destacado, acentúase na Exposición Regional de 1909, onde a sede do edificio de San Clemente acolle unha sección exclusiva de bens culturais diversos, agrupados baixo o nome de Sección Arqueolóxica (Fariña, 2010). Independentemente das eivas e carencias desta sección, a Exposición de 1909 asume a idea de *museo* e ensaia monograficamente a fórmula de *exposición cultural*. A proposta lanzada por Federico Maciñeira de aproveitar a Sección Arqueolóxica para montar, con autonomía temática, unha sección etnográfica constitúe unha novidade, sen dúbida produto da preocupación pola cultura popular labrega difundida pola sociedade El Folk-lore Gallego, promovida pola parente de don Federico Maciñeira y Pardo de Lama⁸. Maciñeira sintetizaba nun breve artigo todo un programa expositivo coa intención, por el explicitada, de manter permanentemente a sección etnográfica suxerida como engadido ao Museo da Sociedad Económica de Santiago (Sáenz-Chas 2010; Pérez Sampedro 2014)⁹.

A lectura do artigo de Maciñeira déixanos apreciar varias cousas: enuncia a idea de “supervivencia” do pasado na sociedade labrega do momento, pero de xeito non tan definido como na obra dos etnólogos de Nós; defende, na liña de El Folk-lore Gallego, a necesidade dun programa de colleita, centrado nos elementos propiamente típicos e orixinais; avoga polo establecemento dunha liña divisoria entre o “arcaico” e o que denota cambios alleos ao mundo rural, e indica que unha

8 A dimensión etnográfica desta relevante personalidade foi recentemente examinada nun interesante traballo por Pérez Sampedro (2014), que bota luz sobre esta figura, engadindo uns textos inéditos do mesmo Maciñeira, de indiscutible importancia.

9 O artigo no que Maciñeira fai esta suxestión é “Para la exposición regional de Santiago” (1908).

escolma do xenuíno debe prevalecer na desiderata museística demandada. Introduce a modernidade de propoñer un labor documental apoiado na imaxe, concretamente fotográfica, e fala de que a musealización suxerida ofrecería o “gran libro gráfico para el estudio de nuestra laboriosa población rural”.

A reivindicación da institución museal vai ser unha constante entre diferentes autores a partir do chamado de Maciñeira. As musealizaciones ensaiadas no campo etnográfico son poucas pero moi significativas antes de 1936. Filgueira Valverde (1948) publicou unha crónica precisa e detallada dos precedentes do Museo Provincial de Pontevedra, creado en 1927, iniciándose esta filiación na Sociedad Arqueológica de Pontevedra, fundada en 1894. O interese da entidade promovida por D. Castro Sampedro y Folgar radica na vocación documental e investigadora que consta no seu regulamento e, tamén, no obxectivo prioritario de asociar ás tarefas da Sociedad creada un museo. Museo incluído no artigo 2º da entidade, xuntamente coa formación dunha biblioteca humanística orientada aos fins documentais, investigadores e museísticos da Sociedad Arqueológica: “la Sociedad Arqueológica nació para establecer un Museo”, salienta Filgueira (1948: 26).

Paralelamente aparece en Mondariz-Balneario, concretamente nas dependencias da granxa de Sanmil, en Pías, o que é considerado o primeiro museo etnográfico en Galicia que non rematou nun proxecto ou nun papel. Aínda que se coída creado anteriormente, as noticias sobre a existencia deste museo lévannos a 1903, data que fala dun Museo aberto e visitable cunha vida relativamente longa –fálase dos anos trinta (González Perez 1974)–, pero hai sospeitas non confirmadas de que as instalacións existían despois desta data (?). Os fondos musealizados responden nitidamente ao perfil canónico dun museo etnográfico, produto dos intereses dos propietarios, en todo canto ten relación coa cultura popular de Galicia (Pérez/Serrano/Vilar 1997). A concepción museolóxica responde ás liñas da ideoloxía rexionalista do fundador, Enrique Peinador, e dos seus sucesores, abertamente comprometidos coa causa galeguista. As noticias de prensa trasladan a concepción etnofolclórica difundida polos colaboradores de Emila Pardo Bazán, visitante asidua do balneario (Pérez Sánchez 2006), coincidente coa sensibilidade dos folcloristas do momento: unha visión “pasadista” da cultura rural, ancorada sempre nos vectores da historia e, ao tempo, nostálgica a respecto da perda das características que identifican a sociedade campesiña.

A última e decisiva musealización anterior a 1936 foi, sen dúbida, o Museo Arqueolóxico-Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos, debidamente instalado en 1930 nos baixos do Pazo de Fonseca, logo dos labores de xestación e

organización durante os anos inmediatamente anteriores¹⁰. Este Museo constitúe, sen dúbida, o precedente do Museo do Pobo Galego, fondamente influído na súa creación en 1976 pola historia e a filosofía do SEG¹¹.

ACHEGAMENTO Á SITUACIÓN ACTUAL NO MARCO DUNHA REALIDADE HERDADA

Temos dito en varias ocasións que o museo é unha entidade serodiamente incorporada á vida sociocultural do país, observando que o censo histórico dos museos creados en Galicia mostra que esta figura non se xeneraliza aquí ata mediados do século XX e, de forma manifesta, ata o último terzo do século pasado.

Podemos trazar en 1970 unha liña para diferenciar as fases do traxecto musealizador en Galicia. Certamente, o museo emerxe como fórmula inserida nas prácticas patrimonializadoras de Galicia durante os últimos anos do franquismo e os tres primeiros lustros da transición democrática (Sierra 2015a: 20-21). O museo participa da efervescencia social e da mobilización cívica acontecida na década de 1970. Antes o museo, segundo observamos na epígrafe precedente, era unha entidade minoritaria, con percorridos accidentados, duracións limitadas, apoios institucionais episódicos e discontinuos e carente de visibilidade social. Non gozaba do favor “público” nin do interese do público, e tampouco aparecía ante a sociedade como un espazo cultural decote normalizado.

Os centros creados entre 1970 e 1980 (Sierra 1999, 2003) responden a unha reacción fortemente identitaria que acompaña o devalar do réxime franquista. Son entidades articuladas ao redor de figuras moi significadas na cultura galega, proxectadas e definidas baixo a tipoloxía das casas-museo: Rosalía de Castro, en Padrón (1971), Emila Pardo Bazán, na Coruña (1972) e Ramón Otero Pedrayo, en Trasalba (1976). Constitúense como pequenos universos nos que as figuras celebradas se sitúan nun marco *at home*, configurado como espazo de culto que, gradualmente, inaugura un circuíto complexo de reactivación e conmemoración continua da galegitude contextualizada nun *feed-back* sucesivo. Ao tempo, insitúense como focos de estudo, investigación e debate, mercé ao valor engadido de acoller, nas sedes respectivas, unha parte significativa dos fondos documentais e bibliográficos das –ou sobre as– figuras ás que as ditas casas-museo renden homenaxe. A perspectiva *at home* sinalada refórzase co patrimonio simbólico representado nas propias casas musealizadas e nos efectos conservados destas.

10 Unha noticia daba conta en 1926 deste proxecto, gabándose da iniciativa e solicitando os apoios institucionais e persoais, tan necesarios de seu (“Do Museo Etnográfico Galego”, 1926).

11 Este vínculo entre o MPG e o SEG foi sinalado desde perspectivas distintas en varias achegas, entre elas: Calo e outros (2004), Braña (2008) e Arias e Sierra (2017).

Paralelamente, nun proceso substancialmente activado por estímulos semellantes, vaise encamiñar a musealización emblemática do país, encarnada nun fito referencial e decisivo: o Museo do Pobo Galego (1976). De particular interese resulta o feito de estaren activados estes patrimonios pola sociedade civil e non polas administracións públicas, independentemente de que estas acudan posteriormente á chamada dos promotores e xestores destas iniciativas para atender, en diferente medida, as súas necesidades económicas.

O sector da sociedade civil que move e dinamiza estas patrimonializacións e musealizacións, encadrado en postulados galeguistas e/ou nacionalistas, entende xa o museo como unha institución cultural inseparable da acción cultural contemporánea. Asume o museo como un logro da modernidade, aínda que chegue onda nós nun momento de crise da institución en territorios e sociedades próximas e veciñas¹², que asisten con diversas posicións ás críticas que os museos reciben, motivadas moitas delas polas reconversións produtivas e pola crise enerxética que ten lugar no mundo occidental (Rasse/Necker 1997) arredor de 1970. Ao cabo, estas accións mostran o fenómeno da extraculturalidade da patrimonialización (Prats 1997: 22ss), que analiza os procesos patrimonializadores como unha mediación entre os actores, os bens culturais, a sociedade e as institucións destinadas a producir unha iniciativa ou institución (o museo neste caso) mobilizando dispositivos de selección (Agudo 1997: 101) sustentados en criterios ou motivacións históricas (Clemente 1993: 15-16). Constrúese desta maneira un produto cultural lexitimado mediante discursos derivados da procura da emancipación social e cultural que se agocha tras as pulsións identitarias significadas nos protagonistas individuais –casas-museo– e colectivos –Museo do Pobo Galego (Braña 2008)– das distintas musealizacións. O concepto de mediación indicado explica para a antropoloxía reflexiva (Padiglione 1999: 213) que o marco que delimita e contextualiza un proceso funciona simultaneamente como un enlace que encadea o todo e as partes. Desta maneira, os museos reflexivamente creados na década dita non constitúen unidades autorreferenciais, senón mapas culturais que topografan pensamentos, historias e memorias que producen e reproducen significados tanto para os que se recoñecen neles como para os que os miran desde a distancia do observador-visitante.

Neste mesmo período xorden outras dúas musealizacións con enfoque distinto e características diferenciadas. Falamos do Museo de Arte contemporánea Carlos Maside do Castro, Sada (1970), e do Museo Etnográfico Olimpio Liste de Oseira (1972). O primeiro é unha afirmación das artes plásticas de Galicia a través

12 Os museos viviron directamente o impacto das crises e reconversións en Europa, dirixíndose daquela (1970-1980) as miradas cara aos patrimonios menores –agrarios e industriais– que prepararon o camiño ás novas museoloxías (Rasse/Necker 1997).

da óptica crítica e modernizadora dos seus promotores: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, que dedican o Museo ao pintor Carlos Maside, nun marco innovador que mostra unha escolma significativa da plástica galega da Renovación (Real 2018). Tanto este museo como o de Olimpio Liste son o produto da vontade e a solución musealizada de prácticas de coleccionismo distintas, unhas depositarias dun legado moral asociado a un repertorio de documentos e obras traballosamente recuperadas, e as outras produto dun teimudo labor de campo para a recolleita de patrimonio material do “vello complexo agrario”. Todos, no seu conxunto, museos fondamente comprometidos coa normalización de usos culturais que comezaban a homologar Galicia con Europa.

Os museos sinalados constitúen nesa altura, ata 1980, os exemplos máis significados dun mapa museal cativo e deficitario, que contaba tamén, antes de 1970, co labor exemplar dos provinciais de Ourense e Pontevedra e, con menor proxección daquela, co Museo de Belas Artes da Coruña, o Provincial de Lugo e o das Peregrinacións de Compostela.

Establecida a democracia, a paisaxe museística de Galicia experimenta un salto cuantitativo, cualitativamente notable nalgúns casos e só en contadas situacións. Se facemos contas, do total das entidades museísticas rexistradas no Censo oficial da Xunta de Galicia ata o ano 2015¹³, o 78% foi creado despois de 1970, e estimado sobre o total censado, o 45% aparece no período de 1970-1993 e o 33% restante no período de 2003-2015. Excluídas as institucións formadas entre 1970 e 1980, un 16% do total, vemos que aconteceu unha inflación museística entre 1980 e 2015: o 62% do cómputo total do Censo¹⁴. Pero os datos do Censo resultan parcialmente enganosos para un achegamento histórico a esta cuestión, por canto o instrumento oficial da Xunta non ten en conta as entidades museísticas desaparecidas, boa parte das creadas antes de 1936, e tampouco reflicte a totalidade das creadas nos últimos anos, á marxe moitas delas do Censo oficial e da disciplina normativa da Xunta de Galicia (Sierra 2015a)¹⁵.

A expansión musealizadora sinalada (Arias 1992; Sierra 2000), que afecta particularmente aos xestores das entidades locais, que coidan obrigada a creación de museos e a activación patrimonial dos monumentos menores para facer competitivos os seus territorios, é esporeada pola emulación que arrinca dun sistema de reparto de patrimonios condicionado polo esquema de relación e dependencia

13 Instrumento modificado polo novo proxecto de Lei de Museos de Galicia, que responderá agora á denominación de Rexistro Xeneral de Centros museísticos de Galicia. Os datos manexados neste relatorio proceden de pescudas propias e do Censo oficial ata 2015.

14 As porcentaxes constitúen un achegamento orientador, logo de redondear as cifras.

15 A secuencia fundadora de museos en Galicia tratámola noutros traballos (Sierra 1999; 2000; 2003) e tamén outros autores examinaron este asunto (Arias 1992; Fariña 2017).

centro-periferia. O abandono do uso social produtivo do campo –a desagrarización/descampesinización– supón unha deterioración pasiva de espazos que se van precarizando ou marxinando a respecto das actividades económicas que representaron nun pasado relativamente recente a base do sustento e o fundamento da reprodución social de moitas familias labregas. Un proceso longo e gradual que ocasionou serios desaxustes na sociedade galega, expulsando moita xente nova do medio rural.

Como indica Alberto Melo (1999), prodúcese unha ofensiva que busca a xestión máis eficaz dos recursos locais. Baixo estas condicións e neste marco os responsables das administracións locais, situados nunha posición asimétrica fronte ás administracións maiores, exploran os recursos do seu territorio e descubren a patrimonialización cultural e a musealización como alternativa menor, pero (supostamente) efectiva, para manexar os ditos recursos como unha ferramenta adicional de desenvolvemento. Destaca que as iniciativas mellor orientadas de musealización local en Galicia se produzan entre 1980 e 1990 e que a teima musealizadora, certamente descontrolada, teña lugar posteriormente, cando hai posibilidade de acceder aos fondos europeos.

No reparto de patrimonios sinalado, o mundo local nos municipios rurais dispón dos chamados “patrimonios menores” que, mimetizando as fórmulas e recoñecementos aplicados aos patrimonios artísticos e arqueolóxicos, cómpre “monumentalizar” para obter o estatuto de bens culturais. Neste contexto opera como idea dominante a noción herdada e difundida –polos axentes culturais e académicos, polas institucións e polas canles mediáticas– de *patrimonio etnográfico*: os produtos da actividade agrogandeira, os enxeños das industrias rurais e as expresións da sociabilidade colectiva (festas e romaxes fundamentalmente). Neste escenario, a vella idea do folclorismo de finais do XIX e de comezos do XX reaparece, aínda que estaba, só aparentemente, agochada no imaxinario colectivo: o mellor apeiro é o máis vello, o mellor enxeño un muíño abandonado, a mellor “tradición” a etiquetada de “inmemorial”.

O positivismo historicista –o feito, o dato, o documento–, tantas veces atribuído aos etnógrafos e folcloristas examinados nos epígrafes anteriores, transita polos vieiros da patrimonialización –documento/monumento– e polos itinerarios da musealización –obxectos autorreferenciados, sen mediatización discursiva e sen, lembrando a González Reboredo (2019: 116-117), interpretación/explicación–. A mesma estrutura descrita por Reboredo na análise que este antropólogo fai dos etnógrafos do SEG podémola extrapolar á museografía etnográfica xeneralizada en Galicia –e non soamente en Galicia!–. Pensamos naqueles museos que acumulan pezas que se mostran en si mesmas e por si mesmas, trasladando as imaxes da inmediatez da súa corporeidade observable. A explicación, ou a crenza,

circula fóra das pezas e fóra dos museos mesmos, porque o museo constitúe unha concreción tanxible daquilo que se coida dito e interpretado en medios e soportes externos ás museografías realizadas. Tal positivismo, porque tal cualificativo resulta procedente, impera decote nos museos arqueolóxicos e etnográficos que manexan os obxectos e os materiais expostos como feitos e documentos xustapostos carentes de relacións, ausentes de vínculos, esquecidos polas persoas (que non semellan estar presentes) e sen angurias, alegrías ou fracasos. A falta do que abusivamente denominamos contexto e que outros antropólogos teñen denominado marco (Padiglione 1999) redúcese en casos reiterados á ausencia de marcadores –non necesariamente textos– explícitos que conformen encadramentos comprensibles dos obxectos e documentos museografiados.

Posteriormente mercantilízase a nostalxia e os produtos agroalimentarios, afectados polo proceso indicado, son celebrados mediante a invención de festexos que enlazan mercado e nostalxia. Nostalxia novamente e captación de visitantes levan á invención das denominadas *festas históricas*, mellor neofestas (Sierra 2015b) creadas para celebrar unha historia esquecida, convertida agora en experiencia lúdica “desvestida” de problemas e contradicións.

TIPOLOXÍAS MUSEÍSTICAS. VISIONS ALTERNATIVAS E REFLEXIÓNES NECESARIAS

En traballos anteriores describimos e examinamos as tendencias das musealizacións en Galicia, atendendo fundamentalmente ás experiencias e realizacións definidas polas categorías académicas e normativas baixo a tipoloxía de museos etnográficos. Temos cuestionado, en varios achegamentos ao debate museolóxico, a solvencia crítica das ditas tipoloxías e suxerido que non procede a cualificación de “museo etnográfico”, porque a etnoloxía e a antropoloxía, disciplinas ás que remiten estes museos, manexan como principal dispositivo metodolóxico a acción de observar. Por tanto, cómpre falar de mirada etnográfica e non de patrimonio etnográfico/etnolóxico, pois todo fenómeno social e cultural, as expresións artísticas incluídas, é susceptible de ser observado cun enfoque antropolóxico. Se unha función asignada ao museo etnoantropolóxico é intercambiar imaxes entre as identidades e as alteridades, non existe motivo suficiente para revisar, mediante os mecanismos teórico-metodolóxicos adecuados, o perfil identitario e as imaxes cruzadas de *nós/outros* que agochan os museos de artes plásticas e os museos arqueolóxicos.

Aludiamos antes ao Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside (Sada) e podemos reflexionar igualmente sobre o Museo-Fundación Liste de Vigo, herdeiro da primitiva musealización en Oseira. Tanto en Sada como en Vigo, o

que se proxecta son imaxes en soportes diferenciados e con obxectos de moi distinta orixe de identidades reconstruídas polo papel activador e memorizador de cadanseu museo. Imaxes de momentos distintos e mediatizadas con obxectos creados ou fabricados por actores sociais dun mesmo país, pero posuidores de marcadores culturais diferentes. Para un observador que mira etnoloxicamente¹⁶ o que mostra cada un destes dous museos –creatividade, experiencias, sentimentos e valores estéticos–, o espello de Rivière¹⁷ opera con eficacia. O sinalado lévanos a considerar o sistema arte-cultura (Clifford 1995: 257 ss.) que explora outros camiños para os fenómenos sociais e tamén para o patrimonio cultural. Os procesos históricos de produción, utilización e mellora de ferramentas e o manexo de símbolos significativos –linguaxe, arte, rituais...– estableceron campos de intercambio e comunicación compartidos polas colectividades, aínda que procedan da creación/invenção individual. O dito ten un encaixe doado, entre outros, nos dous museos escollidos como exemplos e permite cuestionar as entaladas tipoloxías museísticas.

O achegamento aos museos de arte e de arqueoloxía desde a perspectiva do sistema arte-cultura enunciado suxírenos abrir novas fiestras que consideren a musealización un dispositivo para recibir imaxes da cultura desde perspectivas diversas e conxugando varios planos. A verdade ou, expresado doutro xeito, o acerto das Exposicións universais, antes comentadas, residía na percepción calidoscópica da realidade empaquetada nas instalacións daquelas mostras. A mestura de patrimonios facilita a presentación destes como partes dun todo, e as disciplinas que fragmentan os patrimonios e inventan as tipoloxías museísticas fracturan os espellos do poliedro cultural. A recuperación analóxica do formato daquelas exposicións esixiría unha comprensión museolóxica dos seus contidos e, polo contrario, un cuestionamento obrigado das súas museografías e expografías. A concepción do museo etnográfico como taboleiro de identidades –concepción, por outra banda, incompleta– lévanos a mutilar as representacións explícitas e implícitas das persoas e dos grupos que as artes plásticas, os xacementos arqueolóxicos e os mesmos museos destas especialidades mostran e transmiten. Igualmente o patrimonio industrial (Carmona/Nadal 2005), esquecido como figura patrimonial e enormemente deficitario no mapa museal de Galicia, proporciona outro espello da realidade galega contemporánea no que asoman procesos sociais e construcións identitarias amplas e diversas. Fronte a un campesiñado idealizado, pero ausente nas musealizaciones etnográficas, o patrimonio industrial déixanos

16 A mirada etnolóxica entendémola como unha ollada que capta os significados socioculturais dos fenómenos museografados e non necesariamente a mirada do experto ou especialista.

17 Referímonos á definición clásica de G.-H. Rivière do “museo como espello da súa sociedade”.

ver unha sociedade operaria (coa súa propia tradición obreira e sindical) e unha burguesía mercantil e industrial promotora de arquitecturas urbanas e periurbanas que mostran facianas dunha Galicia alternativa, pero real. Unha sociedade que musealiza con moitas eivas a tradición agrocampesiña, pero que remite os seus marcadores identitarios a imaxinarios estritamente rurais, mostra un corpo mancado carente de partes constitutivas da modernidade. As novas salas de historia que proxecta o Museo do Pobo Galego corrixen sinteticamente semellante eiva, pero a Galicia contemporánea precisa un tratamento patrimonial e museolóxico ambicioso da tradición industrial.

Naturalmente as musealizaciones no espazo local e nos concellos rurais demandan unha fonda revisión e un achegamento procesual á realidade rural, superadora da etnografía fósil que fixo de tantos museos, supostamente etnográficos, museos arqueolóxicos con panoplias de obxectos silentes e sen memorias vivas contadas polos veciños (residentes e ausentes) das poboacións onde radican os distintos museos.

A MODO DE CONCLUSIÓN, UNHA REFLEXIÓN FINAL

Galicia incorporou moi serodiamente o museo ás políticas de difusión do patrimonio cultural, carentes na meirande parte dos casos dunha investigación previa e de programas articulados sobre a conservación dos bens culturais musealizados/bles. Estes programas esixirían encadear as propostas musealizadoras saídas do ámbito local cun plan estratéxico debidamente artellado entre a administración competente en materia de patrimonio cultural e as administracións locais. O crecemento, cuantitativamente inédito na historia contemporánea de Galicia, da creación de museos e coleccións visitables desbordou as previsións dos departamentos de Cultura da Administración autónoma, configurando un mapa museal anárquico. Moitos destes centros rematan pechando ou desenvolvendo de maneira limitada, descontinua ou desorientada os fins que tanto o Consello Internacional de Museos (ICOM-UNESCO) como a lexislación aplicable coidan indisolubles do quefacer museístico. Só unhas cantas iniciativas se achegan aos postulados museolóxicos básicos e as carencias que teñen obedecen á falta de asistencia técnica e económica. En traballos anteriores, distintos autores salientamos diversas experiencias museográficas ensaiadas con mellor fortuna (Arias 1992; Pereiro/Vilar 2002; Sierra 1999, 2000, 2015a), pero non corresponde a este relatorio enumerar e analizar polo miúdo os casos que camiñaron por itinerarios máis centrados e mellor definidos, configurando un escenario de boas prácticas

museolóxicas no mundo local, aínda que dispuxesen de recursos técnicos e orzamentarios insuficientes¹⁸.

Os factores sociodemográficos e a paisaxe político-institucional de moitas zonas de Galicia condicionan e explican os itinerarios percorridos polas musealizaciones efectuadas. Xorden numerosas interrogantes e numerosas dúbidas que demandan un debate cultural e institucional aberto, orientado a reflexionar criticamente sobre criterios, formas e enfoques das prácticas musealizadoras e patrimonializadoras aplicadas polas administracións nos últimos 35 anos. Cómpre abrir os ollos, enlazar o pasado co presente e reflexionar sobre o porvir da institución museística segundo farían os mestres do Seminario de Estudos Galegos e, entre eles, o lembrado Antonio Fraguas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agudo Torrico, Juan (1997): “Patrimonio etnológico. Problemática en torno a su definición y objetivos”, *Revista PH* 18(V), 97-108. <https://doi.org/10.33349/1997.18.465>
- Anónimo [Vicente Risco] (1926): “Do Museo Etnográfico Galego”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 28, 14.
- Arias Vilas, Felipe (1992): “Aspectos xerais e particulares do tema museolóxico en Galicia: os museos comarcais”, en *Coloquios galegos de museos*. [Santiago de Compostela]: Consello Galego de Museos, 181-203.
- Arias Vilas, Felipe e Xosé Carlos Sierra (2017): “Catro décadas dunha institución para o futuro de Galicia”, *Adra* 12, 7-18.
- Barral Martínez, Margarita (2010): “O espírito expositivo na época contemporánea e a organización e desenvolvemento da Exposición Regional Gallega de 1909”, en Carlos García Martínez e Rosa María Méndez García (eds.), *Exposición galega de 1909: conmemoración do 1º centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Museo do Pobo Galego / Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, 121-194.

18 Nesta escolma cómpre citar o Museo Etnográfico da Capela (1981), o Museo da Terra de Melide (1982), o Comarcal da Fonsagrada (1984), o Museo da Limia (Vilar de Santos, 1991), o Parque Etnográfico do Río Arnoia (Allariz, 1995), o Museo das Mariñas (Betanzos, 1983) e o Municipal de Pontearreas (1985). Recentemente iniciativas asociativas e veciñais activaron procesos de patrimonialización-musealización dinámicos como os da Ponte do Porto, en Camariñas, e o Museo Etnográfico Veciñal da Terra Chá. Algúns destes casos atravesan por situacións de parálise ou diminución da actividade pola escaseza de recursos e apoios.

- Barriocanal López, Yolanda e Francisco Fariña Busto (1989): *El antiguo museo de pinturas de Ourense (1845-1852). Contribución a la historia de la pintura en Galicia*. Boletín Auriense, Anexo 13. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Braña Rey, Fátima (2008): *O Museo do Pobo Galego. Contedor de valores*. [Santiago de Compostela]: Fundación Antonio Fraguas-Museo do Pobo Galego.
- Cadernos A Nosa Terra de Pensamento e Cultura 30 (2004): *O Museo de Xaquín Lorenzo* [número monográfico].
- Carmona Badía, Xosé e Jordi Nadal Oller (2005): *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Clemente, Pietro (1993): “La ricerca nella prospettiva del ‘patrimonio culturali’ demo-etno-antropologici. Appunti per una discussione”, en Llorenç Prats i Canals e Montserrat Iniesta i González (coords.), *El patrimonio etnológico. Actas del VI Congreso de Antropología. Tenerife 1993*. Santa Cruz de Tenerife: Asociación Canaria de Antropología, 13-38.
- Clifford, James (1995): *Dilemas de la cultura. Antropología, literatura y arte en la perspectiva postmoderna*. Barcelona: Gedisa.
- Fariña Busto, Francisco (2013): *Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense 1844-1967. Aproximación histórica*. Boletín Auriense, Anexo 33. Ourense: Grupo Marcelo Macías / Museo Arqueológico Provincial.
- (2010): “Notas arredor da Sección Arqueolóxica”, en Carlos García Martínez e Rosa María Méndez García (eds.), *Exposición galega de 1909: conmemoración do 1º centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Museo do Pobo Galego / Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, 195-206.
- (2017): “Encol das orixes dos museos e coleccións etnográficas en Galicia”, *Raigame* 41, 7-17.
- Filgueira Valverde, Xosé (1948): “Don Castro Sampedro y su Sociedad Arqueológica”, *El Museo de Pontevedra* V, 16-49.
- Fraguas, Antonio (1975): “La condesa de Pardo Bazán y el folklore”, *Revista del Instituto José Comide de Estudios Coruñeses* 10-11, 55-96.
- García Martínez, Carlos (2006): “Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 196-225.
- González Pérez, Clodio (1974): “Museo de Pías”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. 22, 76.

- (2006): “Antonio Fraguas Fraguas. Vida e Obra 1905-1999”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 24-89.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1994): “Fermín Bouza-Brey etnógrafo e folklorista”, en *Actas do Simposio de Antropoloxía: in memoriam Fermín Bouza Brey*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 25-40.
- (1997): “Do nacemento do Folklore aos nosos días”, en Xosé Manuel González Reboredo (coord.), *Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico*. Galicia. Antropoloxía XXIX. A Coruña: Hércules de Ediciones, 37-67.
- (2017): “Notas sobre etno-antropoloxía de Galicia (1916-1936)”, en Justo Beramendi et al. (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 509-526.
- (2019): “Antonio Fraguas. O profesor de xeografía e o etnógrafo de Cotobade”, en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 97-129.
- Maciñeira Pardo de Lama, Federico (1908): “Para la Exposición regional de Santiago”, *La Voz de Galicia* 10/XI/1908, 1.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro.
- Martinet, Chantal (1987): “L’object ethnographique est un object historique”, en *Muséologie et Ethnologie*. Paris: Editions de la Réunion des musées nationaux, 30-36.
- Melo, Alberto (1999): “O local como polo de resistênciã ao totalitarismo economicista ou a necesidade de uma Nova Economía Política”, en Xoán Bouzada (coord.), *O desenvolvemento comunitario local. Un reto da sociedade civil. Elementos teórico-metodolóxicos*. Vigo: Galaxia / IGESCO, 87-113.
- Murguía, Manuel (1982): *Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Padiglione, Vincenzo (1999): “El efecto marco. Las relaciones del patrimonio y la competencia antropológica”, en Encarnación Aguilar Criado (coord.), *Patrimonio etnológico. Nuevas perspectivas de estudio*. Sevilla: Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, 192-211.
- Pereiro, Xerardo e Manuel Vilar (2002): “Autoimágenes y heteroimágenes en los museos etnográficos gallegos”, en Esther Fernández Paz e Silvia Ventosa (coords.), *La imagen del otro en el museo. Actas del IX Congreso de Antropología del Estado Español*. Barcelona: Federación de Asociaciones de Antropología, sen paxinar.

- Pérez, Yolanda, Nuria Serrano e Manuel Vilar (1997): “El desaparecido Museo de Pías en el Balneario de Mondariz”, en *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía aplicada. Pontevedra 1996*. [Santiago de Compostela]: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, t. II, 145-168.
- Pérez Sampedro, Fernando (2014): “Maciñeira, etnógrafo”, en *Federico Maciñeira. Textos escogidos y estudios sobre su obra*. Ortigueira: Concello, 105-175.
- Pérez Sánchez, Yolanda (2006): “La escritora en el balneario. Emilia Pardo Bazán y Mondariz”, *La Tribuna* 4, 271-290.
- Prats, Llorenç (1997): *Antropología y patrimonio*. Barcelona: Ariel.
- Rasse, Paul e Éric Necker (1997): *Techniques et Cultures au Musée. Enjeux, ingénierie et communication des musées de société*. Lyon: Presses Universitaires.
- Real López, Inmaculada (2018): *El museo gallego de Arte Contemporáneo Carlos Maside. Memoria, compromiso e identidade*. Gijón: Trea.
- Requejo Alonso, Ana Belén (2001): “El Museo de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago y su relación con el nacimiento de los primeros museos de Galicia”, *Boletín Auriense* XXXI, 273-296.
- Rodríguez Campos, Xaquín (1991): “La etnografía clásica de Galicia: ideas y proyectos”, en Joan Prat [et al.] (eds.), *Antropología de los Pueblos de España*. Madrid: Taurus, 99-111.
- (2019): “As palabras e as experiencias máxicas na obra de Antonio Fraguas”, en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 191-201.
- Sáenz-Chas Díaz, Belén (2010): “A presenza do patrimonio etnográfico na Exposición Regional Gallega de 1909”, en Carlos García Martínez e Rosa María Méndez García (eds.), *Exposición galega de 1909: conmemoración do 1º centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Museo do Pobo Galego / Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 221-231.
- Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (1999) “Experiencias de patrimonialización e musealización. Identidade local en concellos non urbanos”, en Marcial Gonder (coord.), *O feito diferencial galego na antropoloxía*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, v. 2, 296-327.
- (2000) “Patrimonio etnográfico en Galicia. Procesos de patrimonialización en Galicia”, en Xosé Manuel González Reboredo (coord.), *Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico*. Galicia. Antropoloxía XXIX. A Coruña: Hércules de Ediciones, 379-471.
- (2003): “Museos e desenvolvemento. Experiencias e itinerarios en Galicia”, en *VII coloquio galego de museos. Museos: construíndo a comunidade*. [Santiago de Compostela]: Consello Galego de Museos, 211-246.

- (2015a): “Imágenes y representaciones culturales en los museos de Galicia”, *Revista Andaluza de Antropología* 9, 16-51.
- (2015b): “A festa da Istoria de Ribadavia. Relato, invención, vivencia”, *Portugalia* 36, 277-294.
- Villa-Amil y Castro, José (1887): *Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en la Ciudad de Santiago, que en cumplimiento de la Real Orde de 30 de junio de 1886, presenta al Excmo. Ministro de Fomento*. Madrid: Imp. del Colegio Nacional de Sordo-Mudos y de Ciegos.